

Concello de Outes

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á modificación e aprobación do proxecto de REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE OUTES (PAI), solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de *10 días naturais* a contar desde o día de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	<i>Levar a cabo unha modificación do regulamento existente do PAI, por estar obsoleto, ante a necesidade de atender ás demandas da poboación e adaptalo á realidade actual para mellorar o seu funcionamento e obter así unha maior satisfacción dos usuarios/as de dito servizo.</i>
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	<i>O regulamento responde á necesidade de adaptar o funcionamento do servizo do PAI ás novas e cada vez máis crecentes demandas existentes na actualidade de máis horas de atención e novos servizos</i>



Concello de Outes

	<i>complementarios por parte dos usuarios/as</i>
Obxectivos da norma	<ul style="list-style-type: none">• <i>Establecer un marco xurídico real que dote de seguridade xurídica a tódolos veciños/as do municipio que sexan potenciais usuarios/as do Punto de atención á Infancia .</i>• <i>Atender toda a demanda existente.</i>• <i>Facilitar aos veciños/as de Outes a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral</i>
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	<i>É necesario aprobar unha modificación do regulamento de funcionamento do PAI porque o que existe actualmente non está adaptado á realidade actual.</i>

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

